

Anexo I.1

REQUISITOS E BAREMO DOS PREMIOS DO DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2022

CATEGORÍA DE INVESTIGACIÓN

O Colexio de Traballo Social de Galicia co fin de facilitar a presentación das solicitudes do premio na categoría de investigación, e a posterior baremación das mesmas, contempla os seguintes **requisitos**:

1. Temática e alcance:

O COTSG ten como obxectivo primordial incentivar a participación e colaborar na difusión de investigacións orixinais, estudos teóricos, técnicos, etc., relacionados coa disciplina do traballo social, dos servizos sociais, da política social e da intervención social, desenvolvidos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Formato e presentación:

Os traballos deberán ser presentados en formato de artigo científico, segundo a seguinte estrutura:

- Título en galego, castelán e inglés (conciso pero informativo).
- Resumo en galego, castelán e inglés (entre 150 e 250 palabras).
- Palabras clave en galego, castelán e inglés (máximo 5 palabras clave).
- Texto/Desenvolvemento do traballo: introdución, material e métodos, discusión de resultados e conclusións.
- Agradecementos (optativo).
- Referencias bibliográficas segundo a normativa APA (American Psychological Association).

Os artigos teñen que ser presentados en galego, en formato WORD, por unha soa cara, corpo de letra 12, tipo Arial Narrow, e interliñado 1,5. As follas numeraranse de forma correlativa no ángulo superior dereito.

Deberase ter en conta o uso da linguaxe de xénero na redacción dos traballos.

Garantir o anonimato na presentación do artigo (persoa ou persoas autoras, e de ser o caso, da institución).

As notas a pé de páxina terán letra tipo Arial, tamaño 10 e interliñado simple.

As táboas e figuras terán que intercalarse no artigo (orientación de máximo 4 figuras e 6 táboas) e ser que ser presentadas coa súa numeración, título e fonte de procedencia de datos, segundo normativa APA.

As referencias bibliográficas do artigo presentaranse ao final do mesmo, por orde alfabética, segundo as normas APA.

A extensión mínima do artigo será de 15 páxinas e máximo de 30, incluídas as referencias bibliográficas.

3. Ética e deontoloxía profesional

Os traballos deben ser de carácter orixinal e inédito, figurando como persoa ou persoas autoras aquelas que contribuíran ao desenvolvemento do traballo e a redacción do artigo.

Todos os datos que figuren no artigo deben respetar a confidencialidade e o segredo profesional das persoas que participaron na investigación, consonte ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR)

4. Documentación necesaria

- Solicitud (Anexo II).
- Artigo científico (Anexo III.1). Sin datos da persoa ou persoas autoras.
- Declaración xurada na que se faga constar a orixinalidade do artigo e o compromiso de publicación na Revista Galega de Traballo Social “Fervenzas” (Anexo II).
- No seu caso, relación das persoas que integran o equipo de traballo. (Anexo IV).

BAREMO

A puntuación máxima a acadar será de 100 puntos, cun total de 10 criterios de avaliación, puntuados de 0 a 10.

A comisión encargada de proceder a baremación na categoría de investigación estará formada por tres persoas representantes de cada unha das universidades:

- Unha persoa en representación da Escola de Traballo Social de Santiago de Compostela.
- Unha persoa en representación da Facultade de Ciencias da Educación, da Universidade de Vigo, do Grao en Traballo Social.
- Unha persoa en representación da UNED vinculada aos estudos de Grao en Traballo Social.

Cada unha das persoas que forma parte da comisión valorará de forma individual os artigos de investigación. Posteriormente, calcularase a media, para obter a puntuación final. No caso de que a comisión o estime, valorarán o feito de reunirse conxuntamente, para derimir sobre o proceso de concesión dos premios. En caso de empate, poderá ser repartido entre as persoas que obtiveran a mesma puntuación.

Criterios de Avaliación	Puntuación do 1 ao 10
1.- Formato e presentación	
2.- Estilo de comunicación claro e preciso	
3.- Interese e relevancia da temática	
4.- Orixinalidade e achega innovadora	
5.- Fundamentación teórica e conceptual	
6.- Metodoloxía empregada	
7.- Discusión de resultados	
8.- Conclusións	
9.- Aportacións á disciplina do traballo social	
10.- Referencias bibliográficas	